- Todas as actividades están abertas a público de todas as idades, priorizando no caso de límite de prazas, a mocidade de 13 a 33 anos
- Mínimo de 8 persoas para realizar a actividade

E en Inverno… drones, cinema, roteiros, esqui, fotografía e moito máis!

Inscrición e información en mocidade@allariz.com

setembro

moda sostible e máscaras de tea

Coñecer a realidade da industria téxtil, para achegarnos ao consumo resposable e de comercio local. A moda sostible non ten porque ser cara! Ademáis confeccionaremos as nosas propias máscaras de tea sostibles de 3 capas, con abertura para introducir filtro homologado.
Sábado 26 de setembro
17.00 a 20.30 hs
Custo: 8€
Límite: 15 prazas

outubro

obradoiro de cosmética natural

Coa cosmética slow, como é coñecida internacionalmente, aprenderemos os coñecementos necesarios para identificar algunhas prantas do noso entorno para poder elaborar con elas acetes, bálsamos, cremas naturais e outros productos para o coidado da pel. Acompañarase de multitude de información e receitas para proseguir este camino e as persoas participantes levarán unha mostra de todos os productos elaborados.
Sábado 3, 10, 17 e 24 de outubro
10.30 a 13.30 hs
Custo: 45€ público xeral - 35€ veciñanza con carnet de cidadá – 30€ estudantes e desempregados con carnet de cidadá
Límite: 15 prazas

A casa da mocidade é de todas, **propón e participa** para mellorala!

outono na mocidade

saída ao couto mixto e escape room

700 anos de comunidade independente ao redor de Galiza e Portugal.
Escape Room Exterior do Couto Mixto: "Os franceses nunca destruíron a verdadeira arca e vós tendes unha misión: atopala seguindo as pistas que o último xuiz do Couto Mixto deixou agochadas. Un equipo, unha misión e moita diversión por diante nesta Escape Room Exterior pola aldea de Meaus.
Sábado 10 de outubro
Horário por confirmar
Custo: 10€ (6€ desempregad@s e estudantes) scape room opcional 10€
Límite: 25 prazas

Cinema documental
Reboiras, acción e corazón

Constrúe un retrato fiel de Xosé Ramón Reboiras Noia, 'Moncho Reboiras', desde a vertente humana e política. A vida e o pensamento deste mozo nacionalista galego, son recreados a través de entrevistas a 29 persoas que co compartiron activismo, militancia e distintas vivencias.
Sábado 17 de outubro
20.00 a 21.00 hs
Custo: 2€
Límite: 50 prazas

querote+

Na era tecnolóxica na que nos atopamos, as redes sociais constitúen un dos espazos de socialización máis significativos. A alfabetización dixital pasa non só por coñecer o funcionamento técnico do mundo virtual senón tamén polos procesos comunicativos e relacións que se dan na súa contorna. Dotarnos de ferramentas para unha xestión positiva, segura e responsable no mundo virtual é un imperativo socio-educativo do mundo actual.
Xoves (quinta-feira) **22 de outubro**
Horário por confirmar
Custo: de balde
Límite: 15 prazas (14 a 16 anos)

escape room samhain "a santa compaña"

Estades preparadas para escapar da Santa Compaña antes de que remate o tempo? Benvidas ao escape room de medo no que teredes que poner en xogo o voso inxenio para lograr escapar!
Sábado 31 de outubro
10.00 a 14.00hs e 16.00 a 21.00 hs
Custo: 5€
Límite: 9 grupos de 4 a 6 pers. (+7 anos)

novembro

saída magosto no courel

"Ruta Pio Pequeno" e Magosto en Paderne , Meiraos (Folgoso do Courel).
Sábado 7 de novembro
Horário por confirmar
Custo: 20€ com o magosto incluído (16€ estudantes e desempregadas)
Límite: 25 prazas

iniciación á micoloxía

Obradoiro teórico-práctico para adentrarnos no mundo da micoloxía. Sabedes difenciar entre un fungo e un cogomelo? Sodes quen de atopalos e identificalos? Aprenderemos isto e máis con clases teóricas e unha saída da mañana completa ao monte.
Sábado 14 e domingo 15 de novembro
10.00 a 14.00 hs
Custo: 10 € público xeral (De balde tarxeta cidadá, estudantes e desempregadas)
Límite: 15 prazas

cinema musical sing street

Enmarcada na recesión económica de Dublín de 1980, o seu protagonista atopará un raio de esperanza na misteriosa Raphina e, co obxectivo de conquistala, convidaraa a ser a estrela nos videoclips da banda que está a formar. Esta é unha película chea de música, diversión e a emoción do primeiro amor.
Sábado 21 de novembro
20.00 a 21.45 hs
Custo: 2€
Límite: 50 prazas

obradoiro e saída astronómica

Obradoiro de iniciación a astronomía da mano de Dositeo Veiga, organizador de AstroGalicia, no que aprenderemos os conceptos básicos do ceo nocturno e diurno. Ademáis coñeceremos o software libre que permite aprender a observar o ceo e faremos un pequeño achegamento na cosmoloxía actual e a estrutura do universo. Para rematar, fixaremos os conceptos aprendidos nunha observación práctica do ceo.
Sábado 21 e 28 de novembro de 11.30 a 13.00hs e 6 de decembro de 19.00 a 20.30hs
Custo: 30€ público xeral, 20€ carnet cidadá de Allariz (15€ desempregad@s e estudantes)
Límite: 15 prazas

decembro

saída ao teixadal do casaio

Roteiro histórico e de natureza: Situado nun dos bosques de teixos máis importantes de Europa (así como o bosque máis antigo de Galiza), atopamos as minas de wolframio de Casaio. A instalación foi das poucas que estaba xestionada directamente polos nazis e, de feito, era coñecida na comarca como "a mina dos alemáns".
Sábado 12 de decembro
Horario por confirmar
Custo: 10€ (6€ estudantes e desempregadas)
Límite: 25 prazas

cinema: unha muller fantástica

Marina é unha nova camareira e aspirante a cantante; Orlando é dono dunha imprenta. Ambos planean un futuro xuntos. Cando Orlando morre repentinamente, Marina vese obrigada a enfrontarse á súa familia e á sociedade para demostrar o que ela é.
Sábado 19 de decembro
20.00 a 22.00hs
Custo: 2€
Límite: 50 prazas

youtubeiras concienciadas

Impartido por María Rúa e Eira Losada, ambas youtubeiras e creadoras de contido audiovisual en galego: Pradorua e Nubes Baixo Ti. Adquiriremos coñecementos básicos para a creación de material audiovisual apto para o consumo no Youtube, tanto técnicos como creativos sempre achegando ferramentas para a promoción dunha cultura galega, crítica e de calidade.
Venres (sexta-feira) **e Sábado 18 e 19 de decembro de 18.00 a 22.00hs e de 10.00 a 14.00hs**
Custo: 15€ púbico xeral, 10€ tarxeta cidadá
Límite: 12 prazas

CONCELLO DE Allariz
www.allariz.gal